



MIT Mostra Internacional de Teatro Ribadavia

🏆 Premio do Público MIT 2021

Déjà vu, de Manolo Alcántara e **Cris, pequena valiente**, Premios do Público da MIT 2021.

A 37ª MIT completou a totalidade dos aforos e puido celebrarse sen ningunha incidencia.

O gañador do 1º Dramaturga foi Roi Vidal Ponte, co texto Noite Castelá, que publicará nun libro colectivo a Asociación DramaturgA, xunto coas seis versións da peza que realizaron os dramaturgos participantes do proxecto.

Os espectáculos Los que hablan e Bailar agora, quedaron en segundo e terceiro lugar, respectivamente. Co resultado final das votacións, evidénciase a valoración do público á diversidade de estilos e xéneros, pois prémíase o novo circo, os monicreques, a danza e o teatro textual.

No final apoteósico de onte no Castelo, domingo 25 de xullo, o artista Manolo Alcántara saía a saudar e dicía, non hai dous sen tres, en referencia ás dúas presentacións que tivo o seu traballo artesán e delicado no marco do festival.

Pois parece que si, que pronto haberá unha terceira vez.

Parabéns!!

Cia Manolo Alcantara

El Espejo Negro

Roi Vidal Ponte

